

## AXUDAS CRETUS PARA ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN 2019

### **Solicitantes**

Xoves investigadores integrantes da agrupación estratéxica CRETUS

### **Duración**

As estadías terán unha duración mínima de 2 meses, tendo lugar ao longo de 2019.

### **Destino**

Os centros para os que se solicite a estadía deberán ser universidades ou centros de investigación de prestixio, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, preferentemente no estranxeiro.

### **Requisitos do solicitante**

- Investigador dun grupo de investigación pertencente á agrupación estratéxica CRETUS
- Ter vinculación contractual co grupo de investigación o que pertenza durante o período da estadía.

### **Presentación da solicitude**

Os solicitantes deberán enviar toda a documentación requirida a dirección de correo [cretus@usc.es](mailto:cretus@usc.es) indicando no concepto “Axudas CRETUS para estadías” antes do 3 de maio 2019.

### **Proceso de selección**

As solicitudes admitidas serán avaliadas por unha comisión formada por membros de CRETUS conforme ós criterios de avaliación. A resolución comunicárase vía email a tódolos solicitantes, e farase pública na web de CRETUS.

### **Documentación requirida**

- ANEXO I. Formulario de solicitude
- ANEXO II. Documento Excel onde se incluírán datos do CV
- Currículum vitae do solicitante
- Informe do director do grupo no que se acredite a vinculación do investigador solicitante á CRETUS
- Documento expedido polo investigador do centro receptor onde se acredite a súa conformidade coa estadía do solicitante nese centro.
- Currículum vitae do Investigador responsable do centro receptor
- Memoria do proxecto a realizar no que se indiquen os beneficios que a estadía pode aportar ó solicitante e ó centro de orixe (Máximo 1 folla).
- Presuposto estimado, razoando os gastos que se orixinaran durante a estadía.

### **Contía y procedemento de pago**

A contía total da axuda será dun máximo de 2.500 €. Abonárase nun prazo aproximado dun mes dende a recepción do informe do traballo realizado durante a estadía.

## **Obrigas dos beneficiarios**

Unha vez concedida a axuda, o beneficiario deberá presentar a carta de aceptación (Anexo III) mediante a cal consinte expresamente tanto a aceptación da mesma como a renuncia e devolución da contía no caso de incumprir coas obrigas e condicións que lle corresponden como receptor desta axuda. O beneficiario ten a responsabilidade de presentar ante o Vicerreitorado de Investigación a correspondente solicitude de permiso polo tempo da súa ausencia (plantilla de documento que se lle facilita xunto cos documentos desta convocatoria).

Para ter dereito á percepción, será obriga do beneficiario xustificar documentalmente o gasto (facturas, axudas de custo, etc) e presentar ó seu regreso o informe de estadía.

- Ademais deberá agradecer o financiamento recibido en tódolos traballos ou publicacións resultantes da estadía, citando: *“The author acknowledges to CRETUS Strategic Partnership (ED431E 2018/01), co-funded by FEDER (UE), for financial support”*

En Santiago de Compostela a 5 de Abril do 2019

Comisión de selección das axudas CRETUS para estancias